



# CONVOCATORIA ABERTA

## para participar na exposición

### OLLADAS 2015

#### 1.-EN QUE CONSISTE A CONVOCATORIA?

A área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo a través da **Rede Museística Provincial** promove esta convocatoria para participar de forma física na exposición **Olladas á obra “A miña familia”** de Xulia Minguillón para o que se seleccionará un total de 5 proxectos de entre aqueles que recreen a obra de referencia en linguaxes artísticas actuais. Esta exposición xira arredor da obra titulada **“A miña familia”** de Xulia Minguillón, actualmente exposta na sala monográfica dedicada á artista no **Museo Provincial de Lugo**.

A exposición **Olladas a “A miña familia”** enmárcase dentro dunha nova edición do proxecto **A arte de ser muller nun mundo por compartir 5.0**, unha iniciativa centrada na visibilidade das mulleres no eido creativo, levada a cabo pola **Rede Museística Provincial de Lugo** baixo a dirección de Encarna Lago.

A exposición, comisariada por Encarna Lago, inaugurarase o día 5 de marzo de 2015 na **Sala de Exposicións Pazo de San Marcos** (sede da Deputación de Lugo).

#### 2.-PARTICIPANTES

Poderán presentarse a esta convocatoria os/as artistas que o desexen, sen límite de idade.

#### 3.-TEMA DA CONVOCATORIA

“A miña familia” é un cadro pintado por Xulia Minguillón no ano 1944, obra na que a artista ofrece a visión da súa propia familia nun momento histórico moi diferente ao actual.

Nesta convocatoria anímase a reflexionar sobre a figura e o tempo tendo como referente esta obra desta gran artista lucense.

#### **4.-OBXECTIVOS DA CONVOCATORIA**

Por medio desta convocatoria búscase:

- A visibilidade da arte creada sobre postulados de igualdade.
- Favorecer a produción de obra artística.
- A difusión de propostas actuais.
- A divulgación e o estudo, neste caso, da figura de Xulia Minguillón.
- A promoción dos fondos do MPlugo e o coñecemento de artistas locais.

#### **5.-TIPO DE OBRA**

A través de diferentes disciplinas artísticas, formatos e técnicas tratarase de mostrar as múltiples posibilidades de abordar o tema tratado por Xulia Minguillón, polo que serán admitidas pezas realizadas en calquera medio ou soporte artístico que, ademais da proposta de materialización da obra física, funcionen como obra virtual. Poderase participar cunha soa obra ou proxecto.

#### **6.-TIPO DE IMAXE**

As imaxes dos traballos cos que se quere concorrer a esta convocatoria deberán ser enviadas nun só documento en formato PDF a través do formulario establecido ao efecto na web da Rede Museística. Nestas imaxes debe apreciarse a obra na súa totalidade e tamén os seus detalles.

#### **7.-SELECCIÓN**

Unha comisión composta por profesionais do mundo da arte avaliará as propostas recibidas e seleccionará 5 proxectos de entre os presentados para formar parte da exposición *Olladas a "A miña familia"*.

A mesma comisión avaliará e, no seu caso, propoñerá á Rede Museística a posibilidade de seleccionar outras propostas co obxectivo de expoñelas ao longo do ano 2015 nos Museos xestionados pola Rede Museística da Deputación de Lugo.

#### **8.-DIFUSIÓN DE OBRA**

Ademais da difusión das obras e proxectos seleccionadas para a exposición *Olladas a "A miña familia"* ou para os diferentes Museos da Rede, as demais obras remitidas terán difusión en diferentes plataformas *online* como Flickr, Facebook, blogs, a web da Rede Museística, e tamén na sala virtual que xestiona a Rede Museística na Google Open Gallery.

#### **9.-DATA DA CONVOCATORIA**

O prazo para participar nesta convocatoria comeza o 20 de xaneiro e remata o 10 de febreiro de 2015. A partir desta última data non será admitida ningunha solicitude de participación.

#### **10.-SOLICITUDES: DOCUMENTACIÓN**

As persoas interesadas deberán presentar un dossier que conteña:

A.-Datos da persoa participante:

- Nome e apelidos
- DNI
- Data de nacemento
- Enderezo postal
- Teléfono
- Correo electrónico

-Breve currículo

B.-Exposición sintética da proposta (máximo 2.000 caracteres con espazos), especificando os criterios de interpretación e da lectura actualizada da obra de referencia.

C.-Breve dossier de obra persoal anterior reunido nun só documento que se remitirá en formato PDF e que non debe superar 2Mb.

D.-Breve dossier con imaxes da proposta que se remitirá nun só documento en formato PDF e que non debe superar 2Mb.

A comisión non terá en conta as solicitudes que non cumpran estes requisitos.

## 11.-RECEPCIÓN DE SOLICITUDES

As propostas serán enviadas obrigatoriamente a través do formulario establecido ao efecto na web da Rede Museística.

### **M<sup>a</sup> Encarnación Lago González**

Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo

pza. da Soedade s/n 27001 Lugo

tnos: 982-242112 / 699836883

[xerencia@museolugo.org](mailto:xerencia@museolugo.org)

[xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)

[encarnalago@yahoo.es](mailto:encarnalago@yahoo.es)



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO